

**RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA, POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DO PERSOAL AUXILIAR DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, INTEGRADA DENTRO DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, INCLUÍDA NA AMPLIACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA**

En data 03/05/2021, o tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a provisión de unha praza de auxiliar da administración xeral, integrada dentro do grupo C, subgrupo C2, incluída na ampliación da oferta de emprego público do ano 2020, polo sistema de promoción interna, na súa sesión constitutiva e consonte á base 8ª das bases xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 34, de data 19 de febreiro de 2021, emitiu unha proposta de nomeamento de persoal asesor, que conta na acta de constitución do tribunal cualificador, e que resulta do teor literal seguinte:

**(...) PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL ASESOR.-** Unha vez efectuada a valoración dos méritos alegados polas opositoras e determinadas as medidas de prevención e hixiene fronte ao COVID, o Tribunal cualificador acorda propoñer que se incorpore, en calidade de membro auxiliar, **para a corrección por medios informáticos do primeiro exercicio** da fase de oposición, consistente en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 20 preguntas, relativas a todos os temas do programa establecidos na base oitava das específicas da convocatoria, durante un período de 30 minutos e determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio deste exercicio, a don Jaime Barba García-Borregón, informático do Servizo de Informática do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don Santiago Pérez Agra, técnico superior enxeñeiro informático do Servizo de Informática do Concello de Pontevedra.

En segundo lugar acorda propoñer que se incorpore, en calidade de membro auxiliar **para a elaboración do segundo exercicio**, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico, a nivel usuario, de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades básicas de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), a don Jesús Lorenzo Rons, monitor de cursos de informática adscrito ao Plan Municipal de Condutas Aditivas da Unidade de Día.

Asemade acorda propoñer que se incorpore, en calidade de membro auxiliar, **para a corrección por medios informáticos do segundo exercicio** da fase da oposición, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico, a nivel usuario, de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades básicas de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), a don Santiago Pérez Agra, técnico superior enxeñeiro informático do Servizo de Informática do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don Jaime Barba García-Borregón, informático do Servizo de Informática do Concello de Pontevedra. (...)

En consecuencia, ao abeiro da base 8ª das bases xerais reguladoras da convocatoria e de conformidade coa proposta do tribunal cualificador arriba reproducida, esta concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións, delegadas pola Alcaldía mediante decreto da Alcaldía de data 15/06/2019,

**RESOLVE:**

**Primeiro.-** Designar en calidade de membro auxiliar, **para a corrección por medios informáticos do primeiro exercicio** da fase de oposición, consistente en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 20 preguntas, relativas a todos os temas do programa establecidos na base oitava das específicas da convocatoria, durante un período de 30 minutos e determinado polo tribunal inmediatamente antes

do inicio deste exercicio, a don Jaime Barba García-Borregón, informático do Servizo de Informática do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don Santiago Pérez Agra, técnico superior enxeñeiro informático do Servizo de Informática do Concello de Pontevedra.

**Segundo.-** Designar, en calidade de membro auxiliar, en calidade de membro auxiliar **para a elaboración do segundo exercicio**, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico, a nivel usuario, de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades básicas de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), a don Jesús Lorenzo Rons, monitor de cursos de informática adscrito ao Plan Municipal de Condutas Aditivas da Unidade de Día

**Terceiro.-** Designar, en calidade de membro auxiliar **para a elaboración do segundo exercicio**, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico, a nivel usuario, de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades básicas de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), a don Jesús Lorenzo Rons, monitor de cursos de informática adscrito ao Plan Municipal de Condutas Aditivas da Unidade de Día

**Cuarto.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, situado no baixo do edificio sito na rúa de Michelena número 30, para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal)

Así o ordena e dispón a concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da Administración Municipal, dou fe.

